



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Resumo Executivo do Plan de Sistemas

Universidade de Vigo

Vigo – 27/01/2009
Versión: 1.00

ÍNDICE




- **01** Introducción
- 02 Obxectivos estratéxicos
- 03 Resumo dos proxectos
- 04 Planificación

- A Universidade de Vigo define un **Plan Estratégico** para adaptarse aos novos cambios sociais, económicos e culturais que se están producindo

- Neste considéranse como **eixos estratégicos**:

- A docencia
 - A investigación
 - A xestión
 - Os recursos
 - A orientación e a adecuación ó contorno
 - Os servizos de extensión universitaria
 - A internacionalización
- Eixes da actividade**
- Aspectos relacionados cos dous anteriores**
- Aspectos de interacción**



- A estratexia de modernización baséase na **idea da tecnoloxía como instrumento ó servizo dos obxectivos xerais** da Universidade de Vigo, en particular o achegamento tanto a usuarios internos como externos e a mellora da calidade dos seus servizos

■ Situación de partida

- **Informática composta principalmente por desenvolvementos illados e de departamentos estancos**
- **Unha realidade actual, no ámbito da informática, que dista do escenario obxectivo de modernización e adecuación ás novas tecnoloxías**
- **Carencia de cobertura de aplicacións a diversas actividades da xestión**
- **Canais de comunicación ca Área TIC difusos**
 - **Carencia dun centro único de atención a usuarios que de soporte ás necesidades TIC dos usuarios**

- **¿Qué persegue a Universidade de Vigo co planeamento de modernización?**
 - Dispor de **servizos de xestión áxiles**, totalmente integrados e transparentes
 - Dispor de **servizos accesibles**, potenciando a prestación de servizos por vía telemática
 - **Maior cobertura** dos procesos **en todas as áreas de xestión**
 - Potenciar os **servizos colaborativos**
 - **Racionalizar os procedementos** internos
 - Implantar **ferramentas que faciliten a toma de decisións** e que potencien a dispoñibilidade de información en tempo e forma

- **Obxecto do documento:** presentar os proxectos a abordar e as liñas de actuación para a modernización dos sistemas de xestión da Universidade de Vigo e da súa plataforma tecnolóxica

ÍNDICE




- 01 Introducción
- **02 Obxectivos estratéxicos**
- 03 Resumo dos proxectos
- 04 Planificación

OBXETIVOS ESTRATÉXICOS

- As directrices de actuación en materia informática derívanse deste Plan Estratégico, ó redor de dous conceptos:


- **Servizo.**
- **Xestión.**



OBXETIVOS ESTRATÉXICOS

- Parámetros dos **servizos** a prestar á comunidade universitaria:


- **Accesibilidade.** Prestar servizo a través de múltiples canles.
- **Dispoñibilidade.** A modernización baseada na subministración de servizos por vía dixital.
- **Sinxeleza.** Simplificación dos procesos.
- **Persoalización.** Incrementar a calidade do servizo, mediante a progresiva persoalización dos mesmos.
- **Inmediatez.** Axilidade de prestación dos servizos.
- **Seguridade.** Garantir a seguridade dos servizos e a privacidade do proceso.



OBXETIVOS ESTRATÉXICOS


■ Parámetros dunha **xestión** eficiente e eficaz:

- **Integración funcional**, entre os diferentes procesos.
- **Interoperabilidade**. As áreas heteroxéneas deben intercambiar datos ou procesos.
- **Calidade da información**, no sentido de homoxénea, integrada, e adecuada.
- **Aliñamento da plataforma tecnolóxicos servizos**. Dispor dunha plataforma tecnolóxica adecuada, aliñada co sistema de información ó que dá soporte en cada momento.
- **Seguridade**. Garantir a seguridade e á privacidade dos procesos.
- **Modelo de xestión da función informática**. Á eficiencia e á eficacia vai unido ó modelo de organización da función informática, os seus procedementos e a formación.




OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Directrices que guían as actuacións:




- **Desenvolver un centro integrado e multicanle de servizos á comunidade universitaria/terceiros**
 - **Unha atención integral.** Un sistema de información integrado, baseado nunha plataforma tecnolóxica multicanle que proporcione unha visión global de toda a información dispoñible
 - **Tramitación administrativa por vía telemática.** A liña a seguir debe ser a de implantar unha plataforma de tramitación electrónica, sustentada nas correspondentes ferramentas de xestión de expedientes, firma electrónica, notificacións feacientes, etc

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS



- **Avanzar cara a construción dun sistema de información corporativo**
 - **Integrar tódolos elementos** de forma que se facilite o traballo administrativo e de control da Universidade de Vigo e se mellore a calidade dos servizos ofrecidos
 - **Avanzar cara a un sistema de dato único** que potencie a integración dos seus compoñentes
 - **Implantar un portal que agrupe o acceso ós servizos**, e que facilite o acceso ós mesmos, potencie o traballo colaborativo

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS



■ Acometer a evolución tecnolóxica da arquitectura software

- **Implantar metodoloxías de desenvolvemento das aplicacións** en aras a aumentar a produtividade e a satisfacción do produto final.
- Incorporar aplicacións corporativas con **tecnoloxías actuais**
- Establecer unha **arquitectura de software que garanta a interoperabilidade e integración dos compoñentes do sistema**
- Adecuar o software para o **cumprimento da LOPD**

- Establecer un **plan de continxencia** que asegure a continuidade do servizo

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

DIRECTRICES DE ACTUACIÓN

DESENVOLVER UN CENTRO INTEGRADO E MULTICANLE DE SERVIZO A COMUNICADE UNIVERSITARIA/ TERCEIROS

AVANZAR CARA Á CONSTRUCCIÓN DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN CORPORATIVO

ACOMER A EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA DA ARQUITECTURA SOFTWARE


ADEUCAR A INFRAESTRUTURA DE SISTEMAS DE COMUNICACIÓNS

DESENVOLVER O MODELO DE XESTIÓN DA FUNCIÓN INFORMÁTICA

- **Adequar a infraestrutura de sistemas de comunicacións**
 - **Homoxeneizar a plataforma de sistemas de información**, para que apoie ós procesos derivados do novo modelo de xestión.
 - **Conseguir unha alta dispoñibilidade na totalidade dos servizos críticos**
 - **Incrementar a seguridade física e lóxica** de toda a infraestrutura
 - **Mellorar as liñas de comunicacións** dalgúns puntos na que nestes momentos son deficitarias.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS




- **Desenvolver o modelo de xestión da función informática**
 - **Establecer un modelo de xestión adecuado para o área de Informática** que asegure a eficacia e eficiencia organizativa deste servizo crítico e horizontal da Universidade de Vigo
 - **Asegurar unha base sólida do modelo de xestión da función informática** para potenciar e facilitar o desenvolvemento e posta en marcha dos proxectos que a Universidade de Vigo debe levar a cabo para a modernización da súa xestión

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

■ **Compoñentes do escenario obxectivo:**


- **O modelo de sistemas de información.** As aplicacións e ferramentas coas que se dará resposta no futuro ás carencias funcionais e de integración detectadas.
- **A arquitectura de software.** Os elementos software que construírán o sistema integrado de información da Universidade.
- **A plataforma tecnolóxica.** Os estándares a adoptar no ámbito da plataforma de sistemas e da plataforma de comunicacións.
- **O modelo de xestión da función informática** da Universidade de Vigo.



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS


Modelo de sistemas de información

- Na seguinte figura presentasen a modo resumen os proxectos que deben ser abordados coa fin de cumprir cos obxectivos estratéxicos:



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- **Arquitectura de software**
- Abordarase unha evolución tecnolóxica paulatina cara a **tecnoloxía WEB**
- A arquitectura de software e as metodoloxías tenderán a un modelo que proporcione:
 - **Independencia tecnolóxica**
 - **Interoperabilidade das aplicacións**
 - **Redución de custos** de mantemento e explotación das aplicacións
 - **Transición progresiva e segura a seguintes versións**
 - **Repositorio de información de datos único**
 - **Uso de metodoloxías ou procedementos estándares**



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- **Plataforma tecnolóxica**
- O escenario obxectivo para a **arquitectura tecnolóxica** da Universidade de Vigo está fortemente condicionado polas medidas a adoptar para **simplificar o mantemento da mesma, potenciar a súa seguridade e o nivel de servizo**
- O obxectivo do Plan de Sistemas en canto á plataforma tecnolóxica é conseguir:
 - Unha infraestrutura tecnolóxica racional.
 - Garantir unha **alta dispoñibilidade dos servizos**, un rendemento óptimo cun alto nivel de seguridade.
 - Arquitectura que facilite o **crecemento dos sistemas** de información da Universidade de Vigo, de acordo ás súas políticas.

- **Modelo de xestión da función informática**
 - Para a modernización da informática da Universidade de Vigo resulta primordial realizar actuacións que permitan potenciar, coordinar e adecuar a Área TIC, as mesmas van na liña de:
 - Efectuar unha **definición dun modelo operativo**, que estableza funcións e responsabilidades.
 - Realizar un **dimensionamento das diferentes posicións** do modelo orgánico adecuado ás novas necesidades de xestión.
 - A **formulación dos principais procedementos** operativos asociados ós principais procesos no ámbito da función informática.
 - A **definición das directrices de formación** que permitan reforzar e potenciar a nivel operativo ás reformas necesarias para a modernización da Área TIC facilitando con elo o alcance dos obxectivos estratéxicos no que a informática se refire.

ÍNDICE




- 01 Introducción
- 02 Obxectivos estratéxicos
- **03 Resumo dos proxectos**
- 04 Planificación

RESÚMO DOS PROXECTOS

Modelo de sistemas de información

- Na seguinte figura presentasen a modo resumen os proxectos que deben ser abordados coa fin de cumprir cos obxectivos estratéxicos:



- **Modelo de sistemas de información**

- **Xestión Integrada da Investigación**
 - Sistema orientado a dar servizo e unificar a información de tódalas áreas da Universidade de Vigo relacionadas coa xestión da Investigación. Inclúe:
 - Xestión de proxecto de investigación
 - Xeración do currículo do investigador
 - Xestión da comercialización
 - Xestión de patentes
 - Xestión de convocatorias de axuda
 - Difusión das actividades

- **Xestión de persoal**
 - Sistema de xestión de RRHH que inclúe:
 - Xestión de prazas (RPT e persoal) e da estrutura da organización
 - Prevención de riscos laborais
 - Xestión de persoal e nóminas
 - Portal do empregado
 - Selección e formación do persoal
 - Workflow de peticións de cursos

- **Modelo de sistemas de información.**

- **Xestión Económica**
 - O obxectivo deste proxecto é dispor dunha solución financeira totalmente integrada e que permita a xestión de presupostos plurianuais. Inclúe os seguintes módulos:
 - Módulo de finanzas
 - Módulo de compras e aprovisionamento
 - Módulo de Stocks/Almacéns
 - Módulo de integración coa Xestión da Investigación, e co Sistema de Mantemento de Centros.

- **Xestión de informes (Ferramenta de BI)**
 - Abordárase o deseño, desenvolvemento e implantación da plataforma Business Intelligence que permita explotar a información existente nos sistemas de:
 - Xestión académica
 - Xestión da investigación
 - Xestión de RRHH
 - Xestión económica

RESÚMO DOS PROXECTOS



- **Modelo de sistemas de información**
- **Administración Electrónica**
 - Implantación dunha plataforma de tramitación electrónica, aportando servizos de:
 - Información “on line” de documentos publicados
 - Descarga de formularios
 - Entrada de documentos, con autenticación e rexistro feacente
 - Sinatura electrónica: garantía de integridade, unicidade e autenticidade da operación
 - Conexión a medios de pagamentos
- **Portal WEB da Universidade**
 - Facilitar o encamiñamento do usuario cara os contidos e servizos que está a procurar dun xeito áxil e rápido
 - Implantar modelos de navegación baseados en feitos vitais, temas e tipoloxías de contidos
 - Estandarizar a presentación
 - Integrar contidos e servizos con orixe nos distintos portais departamentais
 - Integración de fontes externas de contidos e servizos

RESÚMO DOS PROXECTOS



- **Modelo de sistemas de información.**
 - **Racionalización dos procedementos**
 - Optimizar os trámites, racionalizando e informatizando os procesos que se realizan nas distintas áreas da Universidade de Vigo, potenciando a colaboración entre elas
- **Arquitectura Software**
 - Servizos e utilidades de apoio comúns ós servizos de xestión corporativos:
 - Servizo de autenticación de usuarios
 - Implantación da ferramenta BPM
 - Servizo de acceso ó repositorio común
 - Servizo de xestión de documentos
 - Portal corporativo
- **Plataforma Tecnolóxica**
 - Unha infraestrutura tecnolóxica racional
 - Garantir unha **alta dispoñibilidade dos servizos**, cun rendemento óptimo e un alto nivel de seguridade
 - Arquitectura que facilite o **crecemento dos sistemas** de información da Universidade de Vigo, de acordo ás súas políticas

ÍNDICE



- 01 Introducción
- 02 Obxectivos estratéxicos
- 03 Resumo dos proxectos
- **04 Planificación**

- O plan de sistemas que se expón ten unha duración de tres anos e comeza en Abril de 2009
- Considéranse como aspectos prioritarios os marcados no Plan Estratégico:
 - En primeiro lugar os sistemas de xestión relacionados cos aspectos de docencia e de investigación
 - Todos aqueles sistemas enmarcados en achegar servizos telemáticos a comunidade universitaria
 - Proporcionar información a órganos de goberno e de xestión.
- Ademais, considérase prioritario o desenvolvemento dos procedementos da Área TIC e do plan de formación do persoal da mesma.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Vicexerencia de Tecnoloxías da Información e Comunicacóns

Universidade de Vigo